

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA.....	3
2.1. Contorno social	3
2.2. Situación do alumnado.....	4
2.3. Profesorado.	5
2.3. Análise das prácticas lectoras do alumnado.....	5
2.4. Accións realizadas.....	6
OBXECTIVOS.....	8
3.1. Obxectivo xeral.....	8
3.2. Obxectivos específicos do centro:	8
3.3. Obxectivos específicos cara ao alumnado.....	8
4. METODOLOXÍA.....	9
4.1. Metodoloxía xeral.....	9
4.2. Metodoloxía para a etapa de Educación Infantil.....	9
4.3 Metodoloxía para a etapa de Educación primaria.....	10
5. RECURSOS.....	11
6. IMPLICACIÓNS DAS FAMILIAS.....	11
6.1. ASPECTOS XERAIS.....	11
7. CONCRECIÓN DO PLAN. ACTIVIDADES.....	12
8. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.....	14
8.1. Seguimento.....	14
8.2. Criterios de avaliación.....	14
ANEXO.....	15

INTRODUCCIÓN

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, (DOG do 9 de xullo) polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que, coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector, no que se asegurará como mínimo media hora diaria dedicada á lectura.

O Proxecto Lector do CEIP Gregorio Sanz, que agora se presenta, constitúe unha das liñas fundamentais da filosofía do noso centro, polo recoñecemento que a lectura ten como ferramenta básica na aprendizaxe e na formación integral do noso alumnado, así como principal vía de acceso ao coñecemento e á cultura.

A lectura estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto. Na actual sociedade da comunicación, caracterizada pola sobreabundancia de datos, a lectura comprensiva ten un papel chave para converter a información en coñecemento.

Dada a transcendencia da lectura na conformación do individuo e, xa que logo, da sociedade, a adquisición e consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario do noso centro. Desexamos que este Proxecto Lector sexa unha continuación das actividades propostas en anos anteriores, estando nel implicados todo o profesorado e o alumnado do centro, desde Educación Infantil ata o último curso de Educación Primaria.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1. Contorno social

O colexio *Gregorio Sanz* sitúase no concello de Ribadeo, na parroquia de Ove. Este concello sitúase no Leste da Mariña Lucense, cunha superficie de 106 Km² e acolle unha poboación de 10.000 habitantes aproximadamente, dos que 6000 residen na capitalidade con Concello e o resto nos núcleos rurais de poboación de A Devesa, Vilaframil, Rinlo, Piñeira, Vilaselán, Ove, Vilela, Covelas, Arante, Piñeiro, Cedofeita, Noceda, Remourelle, Couxela, Porto, Reme e Vilaousende.

As actividades económicas predominantes corresponden por orden de importancia son os sectores terciario e primario, en concreto aos servizos e a gandeiría e agricultura. O sector agropecuario localízase sobre todo no sur do concello. A pesca ten agora unha importancia residual. A actividade industrial é escasa, pero moitos traballadores acoden ás industrias dos concellos próximos.

No concello de Ribadeo existen varias asociacións e movementos de carácter cultural que poden ampliar a oferta cultural ao alumnado. O Concello como institución tamén oferta unha programación cultural de calidade, e pon os medios necesarios para que os alumnos/as que non son da vila acudan a estas actividades.

Nas parroquias rurais existen numerosas asociacións veciñais que tamén buscan promover o nivel cultural dos veciños e defender os intereses das parroquias, para o cal se desenvolven diferentes actividades deportivas e culturais.

2.2. Situación do alumnado.

O centro ten escolarizados aproximadamente 400 alumnos/as. A distribución do alumnado por etapas é a seguinte:

- ✓ EDUCACIÓN INFANTIL (entre os dous grupos)
 - 4º : 46 alumnos/as
 - 5º : 33 alumnos/as
 - 6º : 39 alumnos/as

Total alumnado Educación Infantil : 118 alumnos/as.

- ✓ EDUCACIÓN PRIMARIA (entre os dous grupos)
 - 1º : 49 alumnos/as
 - 2º : 48 alumnos/as
 - 3º : 50 alumnos/as
 - 4º : 51 alumnos/as
 - 5º : 45 alumnos/as
 - 6º : 40 alumnos/as
 -

Total alumnos/as de Educación Primaria: 283 alumnos/as.

Total alumnado centro: 401 alumnos/as

A lingua predominante tanto a nivel oral como escrita é a lingua galega.

Desde anos atrás os materiais curriculares que se empregan en Educación Infantil están na súa totalidade en lingua galega.

No ensino de Primaria, as áreas que se imparten en galego figuran no anexo que acompaña este proxecto.

2.3. Profesorado.

O noso centro conta con 6 unidades de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria, cun total de 30 profesores/as.

Persoal non docente.- Tamén dispónse de unha coidadora, un conserxe, cinco empregadas de cociña e catro persoas como persoal de limpeza.

Alumnado en prácticas.- Todos os anos colaboran os alumnos e alumnas do IES Gamallo Fierros en prácticas, que se incorporan habitualmente ao centro a partir do segundo trimestre do curso, nas aulas de Educación Infantil.

2.3. Análise das prácticas lectoras do alumnado.

- No noso Centro, en xeral, o alumnado le con certa regularidade, pero non o suficiente, quizais debido, en algúns casos, a unha certa carencia do seu contorno social.
- Os índices de lectura son aceptables pero susceptibles de mellora.
- A lectura, en xeral, está máis estimulada desde as titorías nos primeiros cursos, porque forma parte dos contidos destes anos, e o alumnado dos dous primeiros ciclos fai máis uso do préstamo da biblioteca do centro e da biblioteca de aula. Nos cursos superiores, probablemente pola presión dun currículo máis denso, a lectura espontánea por parte do alumnado é algo menor. Sen embargo, no ciclo superior non se abandona a lectura e a práctica de lecturas obrigatorias por trimestres, ou aínda con maior frecuencia, cúmplase sempre. Sobre estas lecturas, nos tres últimos anos, fanse *libroforum*, ao menos un debate por nivel e ano. Asimesmo os titores do ciclo superior adoitan utilizar lotes de libros da biblioteca xeral axeitados ao seu nivel e animan á súa lectura, ás veces rotatoriamente, o que asegura un número de lecturas elevado por alumno.
- O noso alumnado utiliza os fondos bibliotecarios propios do centro e tamén, algúns dos máis pequenos sobre todo, da biblioteca pública do Concello.
- Estes datos lévannos a promover accións eficaces a medio e longo prazo porque modificar os índices de lectura da poboación infantil é unha laboura de anos.

2.4. Accións realizadas

Referíndonos ao últimos cursos, as actividades realizadas máis significativas foron as que se levaron a cabo tanto dentro das aulas como a nivel xeral do Centro.

Destas actividades queda constancia nos cadernos de traballo do alumnado, así como na revista escolar editada polo Centro, nos murais e en distintos reportaxes fotográficos e informáticos.

a) Dentro da aula

- Fixéronse lecturas e comprensión de textos axeitados as idades do alumnado como práctica habitual tradicional:
- Lecturas en alta voz propiciando a axeitada entoación, pronunciación, velocidade e ritmo.
- Lecturas silenciosas.
- Nas clases dos cursos superiores, como xa se dixo, fanse varias lecturas obrigatorias por curso que son susceptibles de utilizar para os *Libroforum*.
- Nalgunhas clases dos cursos superiores fixéronse follas individuais ilustradas con comentarios sobre os libros lidos por cada quen.
- Noutras fíxose un libro de aula coa opinión e ilustración que a cada un lle suxeriu a lectura proposta polo titor.

b) A nivel do Centro

- Utilizouse tanto a biblioteca do centro como a biblioteca de aula para consulta e préstamo bibliográfico ao alumnado.
- Realizáronse monografías sobre autores e conmemoracións (por exemplo no Día das Letras Galegas) que esixiron traballo de consulta por parte do alumnado.
- Elaboráronse, coa participación de todo o colexio, dous contos viaxeiros.
- Realizouse un concurso, no que participou todo o centro, para elixir unha mascota para a biblioteca do cole.
- Elaborouse anualmente unha revista escolar confeccionada case exclusivamente polo alumnado e coa participación de todas as clases de primaria e parte de



infantil.

- Fíxose unha recompilación de receitas e comidas típicas de Galicia e a posterior publicación nun recetario.
- Recolléronse poemas e contos das festas e conmemoracións típicas de Galicia.

c) Na biblioteca

- Adquisición sistemática anual de fondos de información e de lecer.
- Ordenación da biblioteca por seccións.
- Adquisición de fondos bibliográficos solicitados polos mestres para lecturas en común nas aulas.
- Posta en servizo na biblioteca de tres ordenadores conectados a Internet para utilización controlada por parte do alumnado de todos os niveis.
- Participouse en concursos en colaboración co IES Porta da Auga a través de videoconferencia.
- Fixéronse actividades de animación á lectura a través de charlas con escritores de contos infantís (6º curso de E.Primaria).
- Talleres da igualdade dirixidos a grupos de E. infantil e Primaria para o fomento da igualdade entre xéneros.
- Temos circulando nas clases do segundo ciclo tres maletas viaxeiras.
- Celébranse varias xuntanzas de *Libroforum* cada ano na biblioteca sobre as lecturas obrigatorias que dispoñen os titores. Neles participan sempre un pequeno grupo do profesorado.
- Utilízase o *weblog* do centro para publicar novas referidas aos libros e a lectura.
- " Contos para ler " é unha actividade de fomento da lectura e da lingua galega a través de charlas con ilustradores e contacontos que se fai todos os anos.
- Participábase en concursos e certames literarios convocados por diferentes entidades e organizacións..
- Tamén se participa na actividade patrocinada polo Concello e a Fundación Comarcal da Mariña Oriental, que consiste na entrega dun libro aos alumnos desde infantil de cinco anos ata sexto curso, que, a modo de conto dá a coñecer a Mariña. O obxectivo é conseguir afondar no coñecemento do entorno máis próximo, incluíndo saídas culturais adaptadas ás idades dos alumnos.

- A Biblioteca potencia e facilita lotes de libros aos titores para préstamos en aula.
- Club de Lectura da biblioteca representou dúas obras de teatro lido no curso pasado, que se ofrecen en representación aos demais alumnos. Este curso estase ensaiando outra para decembro e está prevista outra máis para o segundo trimestre.

OBXECTIVOS

3.1. Obxectivo xeral.

- Fomentar o hábito lector desde todas as áreas e todos os niveis e desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.

3.2. Obxectivos específicos de centro:

- Implicar ao profesorado dos diferentes niveis e áreas e aos pais e nais no proxecto lector do centro.
- Organizar e xestionar os diferentes espazos e tempos para facilitar un traballo en equipo que impulse o fomento da lectura e escritura.
- Planificar propostas educativas comúns a todo o centro.
- Elaborar estratexias metodolóxicas e actividades concretas que capaciten ao alumnado nas competencias básicas relacionadas coa competencia lectora e literaria.
- Levar a cabo o seguimento e avaliación anual do propio Proxecto considerando as propostas de mellora recollidas das actividades realizadas anteriormente.

3.3. Obxectivos específicos cara ao alumnado.

- Comprender e analizar distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Utilizar a lectura como medio de placer e, indirectamente, para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Acadar unha comprensión e expresión oral conforme ao seu momento evolutivo.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- Contribuír a acadar a autonomía do alumnado no uso crítico dos diferentes recursos documentais.

- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo e aprendizaxe.
- Ter lido e comentado (de forma oral), ao termo de cada ciclo, distintos libros, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do mestre como por iniciativa propia.

4. METODOLOXÍA

4.1. Metodoloxía xeral

- Utilizaranse diferentes tipos de texto como instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Intentarase espertar no alumnado o interese pola lectura, empregando diversas estratexias de animación e proporcionando un ensino adecuado ás súas características.
- Utilizarase a Biblioteca de forma sistemática concibíndoa como centro de recursos e apoio á aprendizaxe desde todas as áreas.
- Buscaranse e aplicaranse estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
- Consensuaranse algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lectoescritura.
- Nas programacións didácticas recolleranse os principios metodolóxicos, que rexerán o proceso de animación lectora.

4.2. Metodoloxía para a etapa de Educación Infantil.

- Aprender a ler palabras escritas, ilustracións, símbolos, sinais, pictogramas... experimentando as distintas posibilidades de expresión.
- Á hora de ler o conto darlle importancia tanto ao texto escrito como ás ilustracións.
- Utilización de xestos e demais movementos do corpo podendo usar voces distintas segundo os personaxes.
- Mostrarlles as partes dun libro. Ensinarlles a cuberta. Comentar de que pode tratar.
Contar quen escribiu o libro, quen o ilustrou e quen o editou.



- Traballar a direccionalidade da lectoescritura.
- Utilización dos contos orais ou lidos. A repetición da mesma lectura ou conto contribúe á fixación de conceptos, expresións, recitacións, etc.
- Deixar que os nenos conten os contos aos seus compañeiros.
- Nos contos, pedir a colaboración das nenas e dos nenos en repetición de fórmulas, cancións, busca de finais diferentes...

4.3 Metodoloxía para a etapa de Educación primaria.

No traballo de animación lectora nas aulas utilízanse os seguintes recursos didácticos:

- Faranse lecturas de contos e textos curtos por parte do titor ou titora, así como polos propios alumnos e alumnas, tanto en alta voz como silenciosamente.
- Faranse preguntas e comentarios sobre o que ocorre no texto que se está a ler. Preguntar algo como: "Que cres que ocorrerá despois?" ou "que é isto?"
- Permitir que o alumnado faga preguntas durante a lectura. Responder sempre, aínda que iso implique interromper a lectura.
- Buscar o xeito de relacionar o lido coa vida propia e os intereses propios dos lectores e oíntes.
- Relacionar os contos infantís uns con outros, sinalando similitudes e recurrencias temáticas.
- Pedir a opinión do alumnado ao final das lecturas e aproveitar para reforzar en positivo os valores xerais do xénero humano.
- Faranse, nos primeiros anos, exercicios de completar textos inacabados, ilustrar contos lidos, poñer texto a viñetas ou ilustracións, cambiar os finais dos contos coñecidos, redactar contos ou textos libremente, etc.
- Analizaranse oralmente os contos e textos lidos sinalando as súas partes estruturais, en función do nivel do alumnado.
- Rexeitar as fichas de lectura obrigatorias e convertelas en redaccións voluntarias – con ou sen ilustración- de opinión persoal sobre o lido ou de estímulo de lectura para os demais compañeiros.

5. RECURSOS

- Biblioteca xeral do Centro, bibliotecas de aula e biblioteca pública municipal.
- Asignación económica ao Proxecto no orzamento anual do Centro.
- Achegas de outras institucións (concello, editoriais, distintas consellerías...).
- Aula de informática e material audiovisual (cintas de vídeo, CD; DVD).

6. IMPLICACIÓNS DAS FAMILIAS

6.1. ASPECTOS XERAIS

- En xeral, as familias do noso centro colaboran ben coas actividades e o servizo de préstamo que se estimula desde as titorías e a biblioteca. Son minoría as que rexeitan os préstamos do colexio.
- Habitualmente nos primeiros anos do alumnado, desde as titorías, nas xuntanzas de pais e nais, faise fincapé na importancia do apoio paterno na consolidación do hábito lector, e descríbense os métodos que contribúen a este fin: lectura común cos fillos, comentarios sobre o que len, facilitación do espazo e o tempo, regalo de libros, control da televisión e os videoxogos, etc.

7. CONCRECIÓN DO PLAN. ACTIVIDADES

Este Proxecto Lector pretende ser continuación das actividades de animación lectora que desde as titorías e a Biblioteca xa viñan realizándose nos últimos anos e foron reseñadas no punto 2.4. Sen mágoa de que circunstancialmente podan engadirse novas actividades que o momento requira, o Proxecto concretarase no seguinte:

a) Dentro da aula

En Educación Infantil:

- Continuarase coa práctica de centrar diariamente parte da actividade escolar nun conto.

En Primaria:

- Lecturas e comprensión de textos axeitados as idades do alumnado como práctica habitual tradicional.
- Lecturas en alta voz propiciando a axeitada entoación, pronunciación, velocidade e ritmo.
- Darase a mesma importancia ás lecturas silenciosas.
- A partir do cuarto nivel faranse varias lecturas obrigatorias por curso que poden ser utilizadas para os *Libroforum* no terceiro ciclo.
- Nos cursos superiores faranse, ao menos dúas veces veces por ano, follas individuais ilustradas con comentarios sobre os libros lidos por cada quen.
- Establecerase no horario de cada clase un tempo diario de lectura silenciosa de ao menos media hora diaria. Pode contabilizarse neste tempo as visitas de lectura á biblioteca nas horas resevadas por cada titor.

b) Para todo o Centro

- Utilizarase tanto a biblioteca do centro como a biblioteca de aula para consulta e préstamo bibliográfico polo alumnado.
- Reservarase unha hora semanal por curso para acudir á Biblioteca, cunha frecuencia non menor de dúas veces ao mes.
- Realizaranse monografías sobre autores e conmemoracións (por exemplo no Día das Letras Galegas) que esixan traballo de consulta por parte do alumnado.
- Elaborarase anualmente unha revista escolar confeccionada exclusivamente polo alumnado, coa participación de todas as clases de primaria e parte de infantil.

c) Na biblioteca

- Faranse actividades de animación á lectura a través de charlas con autores de literatura infantil ou animadores de fora do colexio, como a campaña "Contos para ler " que é unha actividade de fomento da lectura e da lingua galega a través de charlas con ilustradores e contacontos que se fai todos os anos.
- Temos circulando nas clases do segundo ciclo tres maletas viaxeiras cun lote de libros diversos para toda a familia.
- Celebraremos ao menos un *Libroforum* por nivel e curso ao ano na biblioteca, sobre as lecturas obrigatorias que dispoñen os titores. Nelas participa sempre un pequeno grupo do profesorado membros do Departamento de Biblioteca.
- Utilízase o *weblog* do centro para publicar novas referidas aos libros e a lectura.
- Participarase en algún concurso ou certame literario convocado exteriormente.
- Tamén se participará na actividade patrocinada polo Concello e a Fundación Comarcal da Mariña Oriental, que consiste na entrega dun libro aos alumnos desde infantil de cinco anos ata sexto curso, que, a modo de conto dá a coñecer a Mariña. O obxectivo é conseguir afondar no coñecemento do entorno máis próximo, incluíndo saídas culturais adaptadas ás idades dos alumnos.
- A Biblioteca facilita lotes de libros aos titores para préstamos en aula.

- Club de Lectura, do que forman parte uns quince alumnos e alumnas de 3º a 6º representará dúas obras de teatro lido, que se ofrecerán en representación aos demais alumnos. Unha en decembro e outra para o segundo trimestre.
- Departamento de Biblioteca elaborará unha relación de obras recomendadas segundo os niveis como orientación para agasallos familiares no Nadal.

8. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.

8.1. Seguimento.

Ao longo de cada curso escolar, en dúas ocasións, unha ao comezo do segundo trimestre e outra a finais do terceiro, farase un seguimento do Proxecto Lector de Centro para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

8.2. Criterios de avaliación.

No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do Proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- ✓ Consecución dos obxectivos propostos.
- ✓ Análise da metodoloxía empregada.
- ✓ Avaliación do grao de implicación dos membros da comunidade educativa participantes no proxecto.
- ✓ Análise dos materiais e recursos empregados.
- ✓ Progreso do alumnado na adquisición de hábitos lectores e na mellora da súa competencia lectora e documental, tendo en conta as propostas realizadas .
- ✓ Avaliación da incidencia do proxecto lector e do uso da biblioteca escolar nas programacións didácticas das diferentes materias.

.....000000OOOO000000.....

ANEXO

LINGUA DE IMPARTICIÓN DAS DISTINTAS MATERIAS PARA E. PRIMARIA

ÁREAS OU MATERIAS	1º CURSO		2º CURSO		3º CURSO		4º CURSO		5º CURSO		6º CURSO	
	H	LPC	H	LPC	H	LPC	H	LPC	H	LPC	H	LPC
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	LG	4	LG	4	LG	4	LG	4	LG	3	LG
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4	LC	4	LC	4	LC	4	LC	4	LC	3	LC
LINGUA ESTRANXEIRA	2		2		3		3		3		3	
ED. ARTÍSTICA (MÚSICA)	1	LG	1	LG	1	LG	1	LG	1	LG	1	LG
ED. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	1	LC	1	LG	1	LG	1	LC	1	LG	1	LG
EDUCACIÓN FÍSICA	2	LG	2	LC	2	LC	2	LG	2	LC	2	LC
MATEMÁTICAS	5	LC	5	LC	4	LC	4	LC	4	LC	4	LC
CONECAMENTO DO MEDIO	5	LG	4	LG	5	LG	4	LG	5	LG	4	LG
RELIXIÓN / ATENCIÓN ED.	1	LC	2	LG	1	LC	2	LC	1	LC	2	LC
EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA											2	LG
TOTAIS	25	12/11	25	12/11	25	11/11	25	11/11	25	11/11	25	11/11